

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 16

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE que terá lugar o día 25 de OUTUBRO de 2012, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Ratificación da urxencia.
- 2.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. (2)
- 3.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. (3)
- 4.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. (4)
- 5.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. (5)
- 6.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana. (6)
- 7.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte. (10)
- 8.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ó servizo de Transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abonamento). (11)
- 9.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes. (12)
- 10.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos. (13)

- 11.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. (14)
- 12.- Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15)
- 13.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. (16)
- 14.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais. (17)
- 15.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza. (18)
- 16.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo. (19)
- 17.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia. (20)
- 18.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. (30)
- 19.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos. (31)
- 20.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao abeiro da ordenanza reguladora da venda na vía pública

e espazos abertos. (32).

- 21.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais. (34)
- 22.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo así como pola administración do Concello. (50)
- 23.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións. (51)
- 24.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu Parque Zoolóxico. (53)
- 25.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais. (40)
- 26.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para estes, xestión integral de RSU de construción e demolición domiciliarios, depositados en sacos na vía pública e participación noutras actividades ou programas. (42)
- 27.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización de “Verbum-Casa das Palabras”. (43)
- 28.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes. (52)

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión extraordinaria e urxente no salón de Plenos ás nove horas do día VINTE E CINCO DE OUTUBRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

A urxencia da sesión ven dada a fin de que a tramitación completa das

ordenanzas estea rematada a 31 de decembro do ano que andamos, tal como se ven facendo neste Concello.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv.

Vigo, 24 de outubro de 2012

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.